



Normativa interna de adscrición

CITIC - CENTRO DE INVESTIGACIÓN
EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
E AS COMUNICACIÓNS

Aprobada polo Comité de Dirección (v.2)
21/12/2018



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. TIPO DE MEMBROS
3. ADSCRICIÓN E DESADSCRICIÓN
4. PROCESO DE AVALIACIÓN
5. BENEFICIOS DOS MEMBROS DO CITIC
6. OBRIGAS DOS MEMBROS DO CITIC

Normativa interna de adscrición ao CITIC da Universidade da Coruña

1. Introducción

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) é unha estrutura organizativa propia da Universidade da Coruña creada no ano 2007 para:

Misión:

O CITIC, Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, creouse para achegar coñecemento científico e capacidades altamente cualificadas en beneficio da sociedade.

Visión:

O CITIC quere ser un centro de investigación TIC de referencia nacional e con proxección internacional, recoñecido pola excelencia do coñecemento xerado no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións e a transferencia efectiva de resultados á sociedade.

Valores:

O CITIC ten como valores a integridade profesional, o compromiso para xerar ciencia de fronteira, a proactividade para colaborar coa industria, o liderado rexional e o compromiso institucional coa sociedade.

A expansión e a evolución que experimentou o centro durante os últimos anos fan necesario adecuar a súa estrutura organizativa co fin de manter e mellorar a calidade científica de acordo coa nosa misión, visión e valores.

O Regulamento do CITIC, aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 03/04/2019, establece, no seu artigo 3, o seguinte:

Membros

- a) O PDI e o persoal técnico investigador integrado nos grupos de investigación recoñecidos pola UDC e adscritos ao centro segundo o disposto na normativa de adscrición do mesmo.
- b) O PAS da UDC adscrito ao centro.
- c) O PDI e o persoal técnico investigador adscrito individualmente ao centro segundo o disposto na normativa de adscrición do mesmo.
- d) O persoal contratado con cargo a fondos orzamentarios do Capítulo VI da Universidade da Coruña adscrito ao centro segundo o disposto na normativa de adscrición do mesmo.



2. Previa proposta do Comité de Dirección, corresponde ao reitor/a adscribir ao CITIC ao persoal que cumpra o disposto na normativa de adscrición do mesmo.

3. A perda da condición de membro do CITIC prodúcese:

- a) Por renuncia expresa do grupo de investigación ou persoa adscrita, que deberá ser aceptada polo Comité de Dirección.
- b) Por resolución expresa do/a reitor/a a proposta do Comité de Dirección en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros.
- c) Por mutuo acordo.

En calquera caso, a resolución ou acordo a que se refire o parágrafo anterior deberá pronunciarse de forma expresa sobre a liquidación das relacións científicas e económicas existentes entre o antigo membro e o CITIC.

4. A dirección do CITIC deberá manter unha listaxe actualizada de membros do centro.

Con esta nova normativa preténdese complementar o Regulamento do centro e detallar o proceso de adscrición e avaliación dos membros do CITIC.



2. Tipo de membros

O CITIC distingue, segundo a súa categoría/situación profesional, entre o seguintes tipos de membros:

Permanente: persoal investigador doutor funcionario ou laboral fixo da UDC, catedrático/a de universidade ou escola universitaria, titular de universidade ou escola universitaria e profesor/a contratado doutor/a.

Non permanente: persoal doutor con relación contractual coa UDC. Esta tipoloxía inclúe: profesor/a axudante doutor/a, CIS/asociado/a doutor/a, e doutores contratados con cargo a programas de recursos humanos competitivos (tipo Ramón y Cajal, Juan de la Cierva formación e incorporación, Beatriz Galindo, axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia, *MSCA Experience Researcher* etc) e doutores contratados como investigadores asociados con cargo a proxectos de investigación.

Investigadores en formación: persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade da Coruña que conte coa dirección ou codirección dun investigador/a adscrito ao CITIC.

Tecnólogos: persoal contratado con cargo a programas ou proxectos de investigación para realizar tarefas de xestión ou de apoio á investigación (deberase distinguir entre persoal de xestión ou de investigación).

Investigador/a colaborador/a: persoal investigador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderán ser propostos por un membro permanente do centro ou do Comité Asesor Externo (SAB) e deberán contar coa aprobación expresa do Comité de Dirección. Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20% do total de membros.

3. Adscrición e desadscrición

A adscrición do PDI, PAS ou persoal técnico investigador ao CITIC realizarase de maneira individual exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscrición ao departamento/facultade e grupo de investigación ao que pertencen nin menoscabo das súas obrigas. Ningún investigador/a poderá estar simultaneamente adscrito a outro centro de investigación que estea acreditado como Centro de investigación Singular ou Agrupación Estratéxica pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.



Para ser membro do CITIC, ademais de cumprir os requisitos de avaliación sinalados nesta normativa, deberase acreditar que a/as liña/s de investigación principais que está a desenvolver o investigador/a, e a súa produción científica asociada, atópanse no ámbito das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions. O Comité de Dirección valorará o encaixe das devanditas liñas coa Axenda Estratéxica de Investigación do centro.

Os investigadores (permanentes e non permanentes) que soliciten adscribirse ao CITIC deberán solicitalo de maneira expresa presentando a documentación que, no seu momento, a convocatoria de adscrición lles solicite.

A adscrición do persoal en formación e tecnólogos/as será responsabilidade do seu/súa director/a ou investigador/a principal, e será necesario que este persoal estea dado de alta no catálogo de investigación da UDC para poder formar parte do centro.

A adscrición terá unha duración mínima de catro anos a partir da data de autorización e unicamente poderá ser revogada polo Comité de Dirección por causa debidamente xustificada.

4. Proceso de avaliación

Os investigadores permanentes e non permanentes do CITIC serán avaliados no momento de solicitude de adscrición ao centro e cada catro anos.

No momento da solicitude, para poder ser admitido no centro:

- Os **investigadores permanentes** deberán acreditar ante o Comité de Dirección unha calificación tipo A ou B ou C en vigor obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola Subdivisión de Coordinación y Evaluación (extinta ANEP) da Agencia Estatal de Investigación (AEI), ou un sexenio de investigación activo.
- Os investigadores **non permanentes** con categoría de profesores axudantes doutores e doutores contratados con cargo a programas de recursos humanos competitivos, non deberán presentar acreditación algunha ao considerar o centro que foron recentemente avaliados por órganos competentes na materia.
- Os investigadores **non permanentes** que posúan outro tipo de contrato como doutores (Profesor asociado, CIS, investigador asociado, etc) deberán acreditar ante o Comité de Dirección unha calificación tipo A ou B ou C en vigor obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola Subdivisión de Coordinación y Evaluación (extinta ANEP) da Agencia Estatal de Investigación (AEI), ou, de non posuíla, unha acreditación equivalente a axudante doutor ou contratado doutor obtida nos últimos cinco anos.



O persoal de xestión e persoal contratado a cargo dos programas e proxectos estruturais do CITIC, como as Axudas de Centro Singular, Convenios coa Xunta de Galicia, etc, estarán automaticamente adscritos ao centro sen necesidade de cumprir os criterios mencionados con anterioridade.

O Comité de Dirección, de darse o caso, analizará de maneira individual situacións excepcionais que puideran presentarse e que non estean contempladas nesta normativa, apoiando as súas decisión nos órganos asesores que considere.

O Comité de Dirección, có asesoramento do Comité Asesor Externo (en adiante SAB), deseñará os criterios de avaliación específicos e designará unha comisión avaliadora que revise, cada catro anos, a permanencia dos investigadores no centro. Os criterios de avaliación aplicables serán incorporados como anexo desta normativa cando sexa oportuno.

No caso de que un membro reciba unha avaliación negativa, o Comité de Dirección, en aplicación do artigo 3.b do Regulamento do CITIC, elevará ao reitor/a a proposta de desascripción de dito membro.

O Comité de Dirección poderá, de o considerar pertinente, facer un seguimento intermedio da actividade investigadora dos membros do CITIC e pedirlle ao SAB a elaboración de informes con recomendacións.

5. Beneficios dos membros do CITIC

I. Participar nas accións do centro

O persoal adscrito ao centro poderá participar e ser beneficiario das posibles accións que se desenvolvan como, por exemplo,

- **Ámbito de investigación:** programas de bolsas, axudas a asistencias a congresos ou estadias, proxectos asociados ao centro etc.
- **Formación:** cursos especializados e programas de formación transversais.
- **Proxección:** participación en grupos de traballo onde o centro estea a posicionarse, tanto a nivel nacional como internacional, por temática, interese científico ou tecnolóxico etc.



II. Participación dos fondos estruturais do centro

O persoal adscrito ao centro poderá ser beneficiario dos recursos económicos e materiais obtidos polo centro a través de axudas de carácter estrutural, como axudas de centro singular, infraestruturas científico-técnicas, convenios de colaboración con administracións, programas de recursos humanos, como por exemplo:

- Axudas para a realización de viaxes e estadias de investigación.
- Acceso a plataformas tecnolóxicas europeas estratéxicas para o centro.
- Apoio á solicitude de proxectos europeos, con posibilidade de contar cun servizo de consultaría externa.
- Participación en proxectos de investigación de convocatoria interna.
- Acceso a convocatorias de recursos humanos de carácter interno.
- Acceso ás infraestruturas científico-técnicas do centro.

III. Uso das instalacións

O persoal adscrito ao centro poderá ser beneficiario do uso das instalacións do centro, tales como:

- Uso das salas do edificio segundo as súas funcións (logo de solicitalo).
- Uso de postos de traballo segundo necesidades e dispoñibilidade tanto para traballos asociados á investigación como á transferencia.
- Uso do equipamento pertencente ao centro (CPD, equipamento singular etc).

IV. Apoio do persoal de xestión do centro.

O persoal adscrito ao centro poderá beneficiarse do apoio dado polo persoal de xestión pertencente ao centro en determinadas tarefas como, por exemplo:

- Procura e formalización de accións de transferencia.
- Xestión económica das accións de transferencia.
- Promoción da I+D+i do centro.
- Difusión e divulgación de actividades científicas.
- Organización de eventos científicos (xornadas, seminarios, congresos).
- Xestión do sistema de garantía de calidade e I+D+i (normas ISO 9001 e UNE 166002).
- Apoio na xestión estratéxica de centro e captación de recursos competitivos.
- Apoio na formación e captación de talento.
- Xestión de indicadores de I+D+i do centro.
- Apoio ao posicionamento e internacionalización.
- Xestión de infraestruturas de investigación.



6. Obrigas dos membros do CITIC

- I. Filiación: para calquera tipo de publicación e segundo as instrucións de filiación da UDC:
 - Nome (obrigatorio). ORCID (recomendado)
 - Universidade da Coruña, CITIC, (outros... departamento, facultade, grupo)
 - Elviña, 15071 A Coruña, Spain

- II. Proxectos e contratos de I+D+i: as solicitudes de proxectos de I+D+i a convocatorias da Xunta de Galicia, ao Plan estatal de I+D+i ou da Comunidade Europea deben facerse establecendo como centro de referencia o CITIC da UDC.

Os contratos de I+D+i (art. 83 da LOU) nos que participen investigadores do CITIC serán xestionados polo centro baixo a súa normativa e criterios, utilizando as estruturas de xestión das que dispón (Sociedade Xestora CITIC S.L., Fundación CITICG), salvo excepcións debidamente xustificadas.

- III. Publicidade: será necesario cumprir coas instrucións de publicidade ás que estea suxeito o centro segundo as fontes de financiamento estratéxico activo, e que serán facilitadas a medida que sexan de aplicación.

Na sinatura do correo electrónico e nas presentacións públicas haberá que incluír o logotipo do centro, que está dispoñible na páxina web do CITIC (imaxe gráfica).

O CITIC dispón de modelos de documentos para informes, memorias, presentacións, actas etc, que cumpren coa normativa en materia de publicidade, e que serán facilitadas no momento da adscrición. Se estes modelos non se utilizasen como referencia, ao menos haberá que replicar a publicidade e o logotipo CITIC na presentación alternativa.

7. Disposicións derradeiras

O Comité de Dirección poderá modificar e/ou actualizar esta normativa interna sempre que o considere, con base nas recomendacións que lle faga o Comité Asesor Externo (SAB).


A presente normativa interna de adscrición entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Comité de Dirección do CITIC.





Centro de Investigación en Tecnoloxías da
Información e das Comunicaciós

Edificio CITIC, Campus Universitario de Elviña s/n.
15071 A Coruña

 +34 881 01 5501/5503/5533

[@citic-research.org](https://www.citic.udc.es/)
<https://www.citic.udc.es/>



XUNTA
DE GALICIA

galicia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

"P.O. FEDER: Unha maneira de facer Europa"